

PROCESO PARA A SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR DE BIBLIOTECA, ARQUIVOS E DOCUMENTACIÓN PARA PRESTAR SERVIZOS COMO FUNCIONARIO INTERINO A XORNADA COMPLETA NO CONCELLO DE CASTRO DE REI.

1º.- RESULTADOS PROVISIONAIS DA FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS.

O Tribunal do proceso selectivo, en sesión celebrada o día 4 de xuño de 2018, procedeu a realizar a valoración dos méritos dos candidatos que superaron a fase de oposición segundo os criterios sinalados na base décima.

Nº de control	APELIDOS E NOME	A)MÉRITOS ACADÉMICOS (máximo 3 puntos)	B)MÉRITOS PROFESIONAIS (máximo 2 puntos)			PUNTUACIÓN BAREMO MÉRITOS
			ADMÓN PÚBLICA	EMPRESA PRIVADA	TOTAL B)	
16	LANZÓS LÓPEZ, PAMELA	3.00	1.40	4.00	2.00	5.00
17	MÉNDEZ-IRAGORRI SÁNCHEZ, ANA	2.00	1.20	0.00	1.20	3.20
30	GONZÁLEZ BOTANA, ANA MARÍA	2.00	2.00	0.00	2.00	4.00
31	CARBALLO QUIROGA, MÓNICA	2.00	2.00	0.00	2.00	4.00
34	SÁNCHEZ PÉREZ, Mª LUZ	2.00	1.40	0.00	1.40	3.40
37	DOVAL GARCÍA, GUMERSINDO	2.00	0.00	0.00	0.00	2.00
39	GÓMEZ LÓPEZ, NOELIA	3.00	2.00	0.00	2.00	5.00
43	DÍAZ PRIETO, MARÍA JOSEFA	2.00	0.00	0.00	0.00	2.00
58	FERNÁNDEZ PITA, Mª DOLORES	2.00	0.00	0.00	0.00	2.00
68	RIVEIRO LAGE, Mª PILAR	2.00	0.00	0.00	0.00	2.00
74	LOPO BERMÚDEZ, CARLOS	2.00	0.00	0.00	0.00	2.00
75	IGLESIAS BLANCO, ANASTASIO SANTOS	2.00	2.00	0.00	2.00	4.00
81	FERNÁNDEZ GARCÍA, MARTA	3.00	0.00	0.90	0.90	3.90
85	PITA COUSELO, MARÍA ALMUDENA	2.00	2.00	0.00	2.00	4.00

2º.- APERTURA DE PERÍODO DE ALEGACIONES AOS RESULTADOS DO CONCURSO DE MÉRITOS.

O Tribunal, en uso das atribucións que lle outorga o disposto na Base Duodécima, que rexe a convocatoria deste proceso selectivo, acordou por unanimidade abrir un prazo de cinco días naturais para que as persoas interesadas puidesen presentar as alegacións e reclamacións que considerasen oportunas contra estes resultados.

3º.- PRAZO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DOS RESULTADOS DO CONCURSO DE MÉRITOS

Os resultados foron obxecto dos pertinentes anuncios no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal, o día 11 de xuño de 2018.

Como consecuencia do anterior, o prazo de alegacións e reclamacións de cinco días naturais, iniciouse o día 12 de xuño de 2018 e rematou o 16 de xuño de 2018.

4º.- ALEGACIONES E RECLAMACIONES PRESENTADAS

Segundo consta no expediente, dentro do prazo antedito, con data 14 de xuño de 2018, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Castro de Rei (nº 1.811) un escrito de alegacións contra a valoración obtida na fase de concurso de méritos formulado pola aspirante Dona María Dolores Fernández Pita.

O citado escrito foi remitido ao Tribunal polo Concello de Castro de Rei, o día 15 de xuño de 2018 (rexistro de saída nº 668), para o seu estudio e resolución.

Non se presentaron máis escritos de alegacións e/ou reclamacións polas persoas aspirantes.

5º.- REUNIÓN DO TRIBUNAL PARA RESOLVER AS ALEGACIONES E RECLAMACIONES PRESENTADAS.

A convocatoria do presidente do Tribunal, sendo as 10:30 horas do día 20 de xuño do 2018, mércores, reúnense, na sala de xuntas do Servizo de Recursos Humanos da Deputación provincial de Lugo, as persoas integrantes do Tribunal de selección deste proceso selectivo, que a continuación se indican:

PRESIDENTE:

Don Xesús Arrizado Yáñez, Licenciado en Ciencias do Traballo, do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo.

VOGAIS:

Dona Mercedes Salvador Castañer, Responsable de Biblioteca do Departamento de Biblioteca do Departamento de Biblioteca e Arquivo da Rede Museística Provincial da Deputación Provincial de Lugo.

Don Xoán Ramiro Cuba Rodríguez, Xefe de Sección de Publicacións do Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo

Don Xosé Brais García Fernández, Responsable de Publicacións e Redacción do Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO:

Don Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario- Interventor e Xefe do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Ten por obxecto a reunión analizar o contido do escrito de alegacións presentado, dentro do prazo habilitado ao efecto, por Dona María Dolores Fernández Pita.

No citado escrito, logo de diversas consideracións e alegacións, a citada aspirante solicita: *“Al Tribunal de Selección solicito tenga por realizada la presente reclamación y, previos los trámites oportunos proceda a estimar la misma sumando a la recurrente 2 puntos por el apartado de méritos profesionales, con los efectos que correspondan, entre ellos aumento de puntuación global”.*

Á vista das alegacións formuladas pola aspirante no seu escrito, o Tribunal realiza un estudo do contido das bases que rexen a convocatoria do proceso selectivo (BOP nº 219, venres, 22 de setembro do 2017) e dos méritos invocados e acreditados documentalmente, en relación á experiencia profesional, e formula, a efectos de adoptar unha decisión sobre o contido da súa solicitude, as seguintes consideracións xurídicas e técnicas:

1º.- A base terceira, relativa a funcións a desempeñar, describe ademais das funcións específicas de Auxiliar de Biblioteca outras funcións que, non sendo propias do dito perfil profesional, teñen un carácter de funcións auxiliares e de apoio administrativo:

“(…) 10. Colaborar con los empleados públicos del Ayuntamiento en las cuestiones relacionadas con el archivo municipal y el manejo de la información y documentación.

(…)

13. Suplir a los empleados públicos de este ayuntamiento, en otros puestos, en sus ausencias, todo esto acorde con su categoría profesional.

14. Cualquier otra tarea que se le encomiende desde el Ayuntamiento en relación con ámbitos de actuación que le son propios, de naturaleza administrativa”.

2º.- A base décima , referida á Fase de Concurso, sinala:

“Se valorarán los méritos acreditados por los aspirantes según el siguiente detalle:

(...) Méritos profesionales: Se valorarán hasta un máximo de dos puntos.

- Por cada mes de desempeño en otras Administraciones Públicas en puesto de trabajo igual o cometido similar a la plaza convocada: 0,20 puntos.
- - Por cada mes de desempeño en la empresa privada en puesto de trabajo de igual o cometido similar a la plaza convocada: 0,10 puntos.
- Todos los méritos se valorarán con referencia a la fecha de finalización del plazo de presentación de instancias.
- Los citados méritos deberán acreditarse como se detalla a continuación:
- - Méritos profesionales: Certificación o copia de certificación donde conste categoría profesional, Administración Pública donde se han prestado los servicios y períodos. Y en todo caso, **además**, informe de la vida laboral (...)”

2º.- En relación ao texto literal da citada base décima, cabe sinalar:

a) O Tribunal considera que, pese a que na redacción literal fai referencia só ao desempeño de posto de traballo en “outras Administracións Públicas”, en aplicación do principio de igualdade no acceso ao emprego público, tamén debe ser valorada a experiencia profesional por traballo desempeñado de igual o cometido similar á praza convocada no propio Concello de Castro de Rei, pois resultaría dificilmente xustificable a súa non valoración, con fundamento na literalidade do texto da base, pois significaría unha inaceptable discriminación cara as aspirantes que tivesen este tipo de experiencia.

b) No que fai referencia aos documentos necesarios para a efectiva acreditación dos méritos polo apartado de experiencia profesional, a redacción do dito apartado establece de xeito categórico que é necesario a presentación de certificación que exprese categoría profesional, Administración Pública e períodos de prestación; **e en todo caso, ademais, informe de vida laboral**”.

A través deste dous documentos -certificación e informe de vida laboral- analizados conxuntamente, é posible identificar e cuantificar o mérito por experiencia profesional que se invoca para outorgarlle a correspondente puntuación de acordo co baremo establecido: o tempo de prestación profesional retribuída efectiva, a categoría e funcións desenvolvidas, si a prestación foi desenvolvida a tempo completo ou parcial, en función do coeficiente de parcialidade que figure no informe de vida laboral en cada un dos períodos

de traballo efectivo e mesmo si a dita prestación de servizos foi realizada na administración pública ou na empresa privada, xa que o dito factor inflúe na contía de puntuación a outorgar por cada mes de prestación.

Mesmo debe terse en conta que a mera presentación da certificación (ou no seu caso contrato de traballo, que se deben entender como equivalentes a estes efectos) non acredita de xeito indubidable o período de prestación efectiva xa que nun contrato pode recollerse unha duración inicial prevista que non pode verificarse a súa duración certa que puido verse interrompida por dimisión, despedimento e/ou extinción antes do seu termo; sendo a única forma de acreditar con certeza válida a real duración do tempo efectivo de servizo e, por tanto, de experiencia adquirida, o tempo en días de alta que se reflectan no informe de vida laboral.

No que se refire a si o período de experiencia profesional a valorar foi desenvolvido a xornada completa ou a tempo parcial, é pacífico o criterio xurisprudencial de que, aínda que as bases dunha convocatoria de acceso a emprego público non o estableza expresamente, a puntuación a outorgar por un período de experiencia profesional prestada en réxime de xornada parcial debe ser valorada de xeito proporcional ao de prestación a xornada completa por esixencias do principio de mérito e capacidade no acceso ás funcións públicas. O contrario, é dicir, facer abstracción da circunstancia da prestación do servizo a tempo parcial e valorar do mesmo xeito cada mes traballado, con independencia de si o dito mes desempeñouse a xornada completa ou parcial, levaría a resultados contrarios ao mérito dos concursantes para acceder ás funcións públicas.

3º.- Entrando a considerar as alegacións de períodos de prestación de servizos que a alegante invoca para que sexan valorados polo Tribunal, cabe sinalar:

a) Revisado o período de prestación de servizos da aspirante para o Concello de Castro de Rei, como auxiliar administrativo, a tempo parcial, cun coeficiente do 75%, comprendido entre o 1 de setembro de 2011 e o 31 de maio de 2012, segundo certificación, de 4 de decembro de 2017, expedida pola Secretaría, co visto e prace da Alcaldía, cun total de 206 días de prestación efectiva(unha vez aplicado o coeficiente de parcialidade), segundo se reflecte no informe de vida laboral achegado, expedido pola Tesourería da Seguridade Social, de 25/09/2017, debe estimarse como de experiencia laboral, conforme á descrición de funcións e cometidos da praza, enumeradas nos apartados 10, 13 e 14 da base tres da convocatoria.

En consecuencia, nos méritos por experiencia profesional, referidos a este período de prestación de servizos, debe outorgárselle unha puntuación de 1,20 puntos, que son o

resultado de efectuar a correspondente operación aritmética (206 días/30 días = 6,866 meses. Desbotada a fracción os meses enteiros que son 6 multiplícanse por 0,20 puntos que e a puntuación por mes a outorgar por servizos prestados en Administracións Públicas).

b) O período de prestación que acredita no Concello de Castro de Rei (contrato de traballo de 12 meses, a tempo completo, prestando servizos como licenciada para estudio inventario sobre toponimia, entre o 19 de decembro de 2012 e 18 de decembro de 2013), mediante o certificado de Secretaría xa referido no apartado anterior, non se estima como avaliable xa que non se estima que estea relacionado coas funcións e/ou cometidos enumerados na base terceira.

c) En relación aos méritos que se invocan no escrito de alegacións, coa pretensión de que sexan avaliados como experiencia profesional, relativos ao desempeño das funcións de secretaria do Xulgado de Paz, cabe sinalar que conforme ao criterio establecido pola Sentenza do Tribunal Constitucional, de 30 de marzo de 1990, a figura do Secretario dos Xulgados de Paz, en concellos de menos de 7.000 habitantes, defínese sinalando que *“o mesmo nin é funcionario en sentido estrito nin tampouco é persoal suxeito a unha relación de carácter laboral, senón un particular ao que se lle encomendan funcións públicas, tendo dereito polo desempeño dos seus cometidos a unha gratificación ou indemnización por tales conceptos, isto é, por razón do servizo prestado, en concreto a que concede anualmente a Administración de Xustiza a través dunha subvención”*.

En consecuencia, ao non ter accedido a un emprego público polos procedementos derivados do artigo 23.2 da Constitución e da normativa aplicable ao emprego público non estamos diante do que se podería denominar experiencia profesional por ter outra natureza. Resulta máis próxima esta actividade a unha prestación pública, de aceptación voluntaria, similar a un cargo de elección política que a un emprego con obrigas sinalagmáticas e conmutativas de prestación persoal e retribución, que definen, entre outras, o contido dunha experiencia profesional xenuína.

Por outra parte, a dita prestación persoal non figura no informe de vida laboral xa que non existe obriga de alta e cotización en ningún réxime de seguridade social. Como consecuencia desta circunstancia nin se cumpre coa obriga de acreditación a través do informe de vida laboral do dito mérito por experiencia profesional nin tampouco resulta posible para o Tribunal o poder determinar o horario de prestación efectiva, si esta é a xornada completa ou a tempo parcial, polo que non hai xeito de cuantificar a puntuación a outorgar polo exercicio das funcións de Secretaría do Xulgado de Paz.

En consideración a canto antecede, o Tribunal, por decisión unánime dos seus integrantes, ACORDA:

1º.- Estimar parcialmente as alegacións formuladas por Dona María Dolores Fernández Pita, no seu escrito de 14 de xuño de 2018, no referido á solicitude de que se compute como mérito o tempo de servizo para o Concello de Castro de Rei, como auxiliar administrativo, a tempo parcial, cun coeficiente do 75%, comprendido entre o 1 de setembro de 2011 e o 31 de maio de 2012. Como consecuencia do anterior agrégaselle un total de 1,20 puntos, á puntuación inicialmente outorgada na avaliación inicial polo concepto de experiencia profesional; desestimando as restantes alegacións formuladas.

2º.- Notificar esta decisión á afectada a efectos de que, si o estima oportuno, poida formular recurso de alzada, conforme ao previsto no artigo 14.2 do Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional de funcionarios civís da administración xeral do estado, que é norma supletoria aplicable ás restantes administracións públicas por así prevelo o seu artigo 3.

6º.- REVISIÓN DAS PUNTUACIÓNS OUTORGADAS, NO CONCURSO DE MÉRITOS, AOS RESTANTES ASPIRANTES POLO APARTADO DE EXPERIENCIA PROFESIONAL PARA APLICAR O MESMO CRITERIO ESTIMADO NA REVISIÓN DE ALEGACIÓNS.

Coa finalidade de garantir a igualdade entre as persoas aspirantes na aplicación dos criterios de avaliación dos méritos invocados e acreditados , na fase de concurso deste procedemento selectivo, o Tribunal revisa a documentación de todos os candidatos sen que, logo desta revisión, se produza ningunha modificación nas puntuación outorgadas ao non terse invocado méritos das mesmas características que os que deron lugar á revisión da puntuación outorgada a Dona María Dolores Fernández Pita.

7º.- PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS DA FASE DE CONCURSO (base décima), UNHA VEZ MODIFICADAS AS PUNTUACIÓNS COMO CONSECUENCIA DAS ALEGACIÓNS ESTIMADAS.

O Tribunal resolve definitivamente a avaliación do concurso de méritos outorgando as seguintes puntuacións:

Nº de control	APELLIDOS E NOME	A)MÉRITOS ACADÉMICOS (máximo 3 puntos)	B)MÉRITOS PROFESIONAIS (máximo 2 puntos)			PUNTUACIÓN BAREMO MÉRITOS
			ADMÓN PÚBLICA	EMPRESA PRIVADA	TOTAL B)	
16	LANZÓS LÓPEZ, PAMELA	3.00	1.40	4.00	2.00	5.00
17	MÉNDEZ-IRAGORRI SÁNCHEZ, ANA	2.00	1.20	0.00	1.20	3.20
30	GONZÁLEZ BOTANA, ANA MARÍA	2.00	2.00	0.00	2.00	4.00
31	CARBALLO QUIROGA, MÓNICA	2.00	2.00	0.00	2.00	4.00
34	SÁNCHEZ PÉREZ, M ^a LUZ	2.00	1.40	0.00	1.40	3.40
37	DOVAL GARCÍA, GUMERSINDO	2.00	0.00	0.00	0.00	2.00
39	GÓMEZ LÓPEZ, NOELIA	3.00	2.00	0.00	2.00	5.00
43	DÍAZ PRIETO, MARÍA JOSEFA	2.00	0.00	0.00	0.00	2.00
58	FERNÁNDEZ PITA, M ^a DOLORES	2.00	1.20	0.00	1.20	3.20
68	RIVEIRO LAGE, M ^a PILAR	2.00	0.00	0.00	0.00	2.00
74	LOPO BERMÚDEZ, CARLOS	2.00	0.00	0.00	0.00	2.00
75	IGLESIAS BLANCO, ANASTASIO SANTOS	2.00	2.00	0.00	2.00	4.00
81	FERNÁNDEZ GARCÍA, MARTA	3.00	0.00	0.90	0.90	3.90
85	PITA COUSELO, MARÍA ALMUDENA	2.00	2.00	0.00	2.00	4.00

8.- CUALIFICACIÓN FINAL .

As cualificacións finais dos aspirantes son as que seguen:

Nº de control	APELLIDOS E NOME	FASE DE OPOSICIÓN			FASE DE CONCURSO	CUALIFICACIÓN FINAL
		1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	TOTAL		
16	LANZÓS LÓPEZ, PAMELA	8.25	8.66	16.91	5.00	21.91
17	MÉNDEZ-IRAGORRI SÁNCHEZ, ANA	6.25	10.00	16.25	3.20	19.45

30	GONZÁLEZ BOTANA, ANA MARÍA	7.25	7.50	14.75	4.00	18.75
31	CARBALLO QUIROGA, MÓNICA	6.00	8.66	14.66	4.00	18.66
34	SÁNCHEZ PÉREZ, M ^a LUZ	8.25	5.20	13.45	3.40	16.85
37	DOVAL GARCÍA, GUMERSINDO	5.25	6.41	11.66	2.00	13.66
39	GÓMEZ LÓPEZ, NOELIA	7.75	8.50	16.25	5.00	21.25
43	DÍAZ PRIETO, MARÍA JOSEFA	6.00	5.01	11.01	2.00	13.01
58	FERNÁNDEZ PITA, M ^a DOLORES	9.00	10.00	19.00	3.20	22.20
68	RIVEIRO LAGE, M ^a PILAR	6.25	5.66	11.91	2.00	13.91
74	LOPO BERMÚDEZ, CARLOS	8.00	7.75	15.75	2.00	17.75
75	IGLESIAS BLANCO, ANASTASIO SANTOS	7.75	6.75	14.50	4.00	18.50
81	FERNÁNDEZ GARCÍA, MARTA	6.75	9.75	16.50	3.90	20.40
85	PITA COUSELO, MARÍA ALMUDENA	8.75	9.80	18.55	4.00	22.55

9- LISTA DO ASPIRANTE SELECCIONADO.

DONA MARÍA ALMUDENA PITA COUSELO

10. PROPOSTA DO TRIBUNAL

O Tribunal a vista da lista do aspirante seleccionado propón ao Alcalde-Presidente o nomeamento de Dona María Almudena Pita Couselo, para prestar servizos como Auxiliar Biblioteca, arquivos e documentación, funcionario interino.

11. TURNO DE RESERVA OU BOLSA DE TRABALLO.

Ao obxecto do establecido na base undécima que sinala “ se establecerá un turno de reserva ou bolsa de traballo...”, o Tribunal establece a seguinte lista de reserva:

Orde na lista	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
1	FERNÁNDEZ PITA, M ^a DOLORES	22.20
2	LANZÓS LÓPEZ, PAMELA	21.91
3	GÓMEZ LÓPEZ, NOELIA	21.25
4	FERNÁNDEZ GARCÍA, MARTA	20.40
5	MÉNDEZ-IRAGORRI SÁNCHEZ, ANA	19.45
6	GONZÁLEZ BOTANA, ANA MARÍA	18.75
7	CARBALLO QUIROGA, MÓNICA	18.66
8	IGLESIAS BLANCO, ANASTASIO SANTOS	18.50
9	LOPO BERMÚDEZ, CARLOS	17.75
10	SÁNCHEZ PÉREZ, M ^a LUZ	16.85
11	RIVEIRO LAGE, M ^a PILAR	13.91
12	DOVAL GARCÍA, GUMERSINDO	13.66
13	DÍAZ PRIETO, MARÍA JOSEFA	13.01

12. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

A aspirante proposta polo Tribunal deberá presentar no prazo de 5 días naturais contados a partir da presente publicación os documentos que se sinalan na base undécima.

Lugo, 22 xuño de 2018.

O SECRETARIO DO TRIBUNAL,

Manuel Castiñeira Castiñeira